Facultade de Comercio
Universidade Vigo

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Seguimento e Medición

CÓDIGO DE-02 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 02/10/2023	Data e sinatura 26/03/2026	Data e sinatura 19/06/2026

Proceso

Dirección Estratéxica.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PC-12 (documentación marco) « Análise e medición dos resultados académicos » do SGIC dos centros.
01-03	2008-2011	Comisións de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros, no ámbito dos seus SGIC, baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade remitidos desde a ACSUG.
04	03/11/2014	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos en relación co seguimento e medición dos procesos e da estratexia. Integra actividades relacionadas co seguimento e medición dos resultados dos procesos e programas do sistema de xestión de calidade no ámbito de xestión. Modificación do título e do código: pasa de PC-12 a DE-02 P1 «Seguimento e medición». Consideración dos informes finais da auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da convocatoria 2013/2014 no relativo á definición e seguimento dos obxectivos de calidade dos centros.
05	02/10/2023	Área de Calidade	Actualización do procedemento e do rexistro asociado, para dar resposta á nova normativa

Índice

I Obxecto 4

II Alcance 4

III Referencias 4

IV Desenvolvemento 7

V Anexos 9

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para recoller, analizar e utilizar a información relativa á

- Implantación da estratexia.
- Obxectivos de calidade.
- Procesos e programas de calidade.

De xeito, que permita realizar o seu seguimento e medición para coñecer as súas prestacións, realizar a súa análise e, se procede, definir posteriormente, as accións de mellora necesarias para conseguir os obxectivos e metas fixadas.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese aos centros e titulacións, no cadro do seu sistema de garantía de calidade.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.

- Orde, do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, e as súas instrucións de desenvolvemento.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Outros documentos de referencia:

- ACSUG:
    - Guía de seguimento e acreditación de grao e máster (2018).

III.2. Definicións

– Estratexia: plan estruturado para acadar os obxectivos. (UNE-EN ISO 9000).

– Comisións de titulación: comisións con responsabilidade no desenvolvemento da titulación (comisións académicas da titulación, de docencia, de coordinación de títulos impartidos en varios centros, entre outros). (Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo).

– Cadro de mando integral: ferramenta de xestión que facilita a toma de decisións e que recolle un conxunto coherente de indicadores que lles proporcionan á alta dirección e ás funcións responsables unha visión comprensible da organización ou da súa área de responsabilidade. A información achegada polo cadro de mando permite enfocar e aliñar os equipos directivos, as unidades (...), os recursos e os procesos coas estratexias da organización (Norma UNE 66175)

– Indicador: datos ou conxunto de datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade. (Norma UNE 66175)

– Metas: resultados desexados ou previstos que deben alcanzar os indicadores.

Nota: son un valor obxectivo e programado temporalmente que, na implantación da estratexia, mediante a súa comparación co seu resultado real, nos indican o grao de cumprimento dos obxectivos operativos e estratéxicos. (Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo)

– Obxectivos: algo ambicionado ou pretendido. (Norma UNE 66175)

– Obxectivos de calidade: algo ambicionado ou pretendido, relacionado coa calidade.

Nota: os obxectivos da calidade xeralmente baséanse na política de calidade da organización (Norma UNE-EN ISO 9000).
Nota: nesta liña, tamén se pode falar de obxectivos do proceso como algo ambicionado ou pretendido, relacionado cos resultados do proceso.

– Obxectivos estratéxicos: finalidades que teñen que conseguirse para poder acadar a visión de futuro da organización. Son declaracións amplas, pouco específicas e sen data. (Plan operativo de xestión da Uvigo)

– Obxectivos operativos: os orientados a conseguir cada un dos obxectivos estratéxicos. Son un desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos, na busca dunha maior operatividade da estratexia que se formula.

Nota: as características desta operatividade que os obxectivos operativos deben cumprir son específicos, medibles, factibles, realistas e delimitados no tempo. (Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo)

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- CMI: Cadro de Mando Integral.
- DOG: Diario Oficial de Galiza.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- SID: Sistema Integrado de Información Universitaria.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- SIIU: Sistema Integrado de Información Universitaria.
- UAP: Unidade de Análises e Programas.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Poñer a disposición as ferramentas de seguimento e medición que permitan:

- Garantir a calidade dos resultados de medida (precisión, fiabilidade, respecto dos prazos).
- Estruturar as reunións de seguimento dos resultados.
- Ter a información dispoñible para a definición e a posta en marcha das accións de mellora ou accións para tratar as derivas no caso de desviación dos obxectivos.

De tal xeito, poderase coñecer:

- se a estratexia se está implantando como foi planificada e,
- se os resultados obtidos e os obxectivos de calidade son os esperados.

IV.2. Responsable do proceso

• Decanato ou dirección do Centro

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido neste procedemento.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



V ANEXOS

Documentos

Anexo 1: Modelo de Cadro de Mando

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/ posto)	Duración
Código	**Denominación**				
R1 DE-02	Cadro de Mando	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos